

Resumo da xuntanza do 19 de xaneiro de 2018

Orde do día:

1. Revisión das tarefas acordadas na xuntanza anterior, fundamentalmente en relación coas mobilizacións de SOS Sanidade Pública dos próximos 24 de xaneiro e 4 de febreiro.
2. Propostas de traballo de En Marea de participación nestas mobilizacións.
3. Outros puntos da orde do día a proposta das persoas participantes. Para este punto sería bo que as propostas se fagan previamente, se é posible, no grupo de Google (mareadesaude@googlegroups.com) para ter coñecemento previo. Francisco Vázquez Troitiño enviou un correo ao grupo de Google en relación co Hospital Galego de Bos Aires.

1. Severino presenta a súa preocupación sobre iniciativas de saúde (tabaco, nutrición, exercicio,...) e considera que En Marea debería ter accións en materia de políticas de saúde pública.

Despois de varias palabras, parece que hai consenso en que a forma, probablemente máis útil, de operar politicamente neste ámbito é promover consellos municipais de saúde e promover nos concellos a entrada destes na rede de cidades saudables.

2. Tarefas pendentes:

- a) Documento sobre a lei de saúde, elaborado inicialmente por Manuel González Moreira e sometido a emendas do colectivo.

Acórdase que Manuel remita un último documento hoxe. Dáse o prazo desta fin de semana por se alguén quere facer novas emendas. O luns darase o documento como definitivo para trasladarlllo á coordinadora, para facer a difusión do mesmo ás persoas inscritas e publícalo na web.

- b) Concentración comarcal do día 24 e manifestación día 4 febreiro.

Debemos, como En Marea, promover a participación das inscritas nas mobilizacións de SOS.

En Marea debe ter visibilidade na manifestación (pancarta/s), pero tendo en conta que convoca SOS Sanidade Pública. Critícase o cartaz do BNG porque parece que intenta monopolizar a actuación de SOS, pero non

se quere entrar en polémicas, xa que o importante é sumar o máximo posible de cara ás mobilizacións.

3. Hospital de Bos Aires.

Non se chega a ningún acordo. Se cadra, o mellor é que o propio Francisco Vázquez Troitiño, que non puido asistir hoxe, traslade a iniciativa directamente ao grupo parlamentar.

Acórdase próxima xuntanza: 23 febreiro, ás 17.30 horas